


# Universidade de Vigo



**ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA**

**REGULAMENTO DE TITORÍAS**

Aprobado na Xunta de Escola o 21/03/2011

Modificado e aprobado pola Xunta de Centro o 17/12/2013

**REGULAMENTO DE TITORÍAS DA ESEI**

Aprobado na Xunta de Escola o 21/03/2011

Modificado e aprobado pola Xunta de Centro o 17/12/2013

*Preámbulo*

1. O Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario dispón no seu artigo 21, que regula as *Titorías de materia*, que os estudantes serán asistidos e se orientará, individualmente, no proceso de aprendizaxe de cada materia do seu plan de estudos mediante titorías desenvolvidas ao longo do curso académico. Así mesmo establécese que *as universidades, a través dos seus centros e departamentos, garantirán que os estudantes poidan acceder ás titorías, establecendo os criterios e horarios correspondentes.*
2. Os Estatutos da Universidade de Vigo, no artigo 65, dispoñen que o decano ou decana ou director ou directora do centro, asistido polo seu equipo de goberno, é responsable da dirección e xestión do centro e entre as súas funcións inclúese a de ter conta do cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
3. O Regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo, no seu artigo 2, que regula os *Compoñentes da actividade do PDI* establece que *a actividade docente do PDI consta de docencia presencial e non presencial, teórica e práctica, incluíndo a súa preparación, do material docente e das probas de avaliación, as titorías e outras actividades docentes. As obrigas docentes anuais serán as establecidas na lexislación vixente.*
4. O Real Decreto 898/1985, de 30 de abril fixa para o profesorado con réxime de dedicación a tempo completo un período de seis horas de titorías ou asistencia ao alumnado e para o profesorado con réxime de dedicación a tempo parcial, entre un máximo de seis e un mínimo de tres horas de titoría e asistencia ao alumnado.
5. O Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo no seu artigo 22, *Das titorías*, garante o dereito do alumnado *a ser asistido e orientado individualmente e durante todo o curso académico no proceso de aprendizaxe mediante titorías no centro en que se lle imparte a docencia, sempre que sexa posible. Para tal efecto os departamentos deberán publicar e facerlle chegar ó alumnado, a través dos medios de información do centro e antes de comeza-la docencia, os horarios e os lugares de titorías do profesorado, que se adecuarán no posible ós diferentes grupos existentes.*

En virtude do antedito, elabórase a presente normativa interna da Escola Superior de Enxeñaría Informática reguladora das titorías, consonte as seguintes disposicións:

**ARTIGO 1. Obxecto**

A presente normativa ten por obxecto regular os diferentes aspectos relativos á ordenación dos horarios de titorías no ámbito de competencias da Escola Superior de Enxeñaría Informática.

## *ARTIGO 2. Dereito as titorías*

Consonte a normativa vixente, garántese o dereito do alumnado a ser asistido e orientado individualmente e durante todo o curso académico no proceso de aprendizaxe mediante titorías.

## *ARTIGO 3. Titorías para estudantes con discapacidade*

1. Os programas de titoría e as actividades de titoría deberán adaptarse ás necesidades dos estudantes con discapacidade, baixo a coordinación e supervisión da unidade competente en cada Universidade, coas adaptacións metodolóxicas precisas e, no seu caso, co establecemento de titorías específicas en función das súas necesidades. As titorías realizaranse en lugares accesibles para persoas con discapacidade.
2. O alumnado con discapacidade física, psíquica ou sensorial poderá solicitar a asignación dunha titoría permanente. Neste caso, a Dirección da Escola designará un/unha profesor/a titor/a ao longo dos seus estudos de entre o profesorado da titulación na que estea matriculado o/a estudante. A aceptación desta titorización será voluntaria para o profesorado.

## *ARTIGO 4. Publicación do horario de titorías*

A Dirección da Escola garantirá que estes horarios sexan publicados na web do Centro, así como nas portas dos despachos antes do inicio de cada curso.

## *ARTIGO 5. Criterios para o establecemento do horario de titorías*

1. As titorías impartiranse durante todo o período lectivo do curso, incluídos os cuadrimestres nos que o profesorado non teña docencia asignada.
2. A duración das titorías, tanto para o profesorado a tempo completo coma a tempo parcial, serán a que fixa a lexislación vixente.
3. Os módulos horarios de dedicación as titorías serán dun mínimo de media hora.
4. As titorías desenvolveranse no despacho que o/a profesor/a teña asignado no Campus de Ourense. Cando un/unha profesor/a teña a súa docencia maioritariamente asignada noutro Campus da Universidade de Vigo e desenvolva as súas titorías nun centro dese Campus, deberá establecer unha vía alternativa de comunicación e asistencia co alumnado.
5. O profesorado terá a posibilidade de establecer un horario de titorías diferente para cada cuadrimestre, para adecualo mellor aos compromisos docentes, e será posible introducir modificacións neste, mesmo dentro dun cuadrimestre se se estiman convenientes, segundo o procedemento establecido neste mesmo regulamento.
6. En principio o horario de titorías debe ser o que propoña cada profesor/a, que debe ter a posibilidade de decidir o que considere máis conveniente. Non obstante, para facilitar o acceso do alumnado ás titorías, deberá fixarse polo menos unha parte do horario de titorías fóra da franxa horaria coincidente cos grupos grandes do curso no que o/a profesor/a teña a súa docencia maioritaria, sempre que sexa posible.

7. Unha vez presentado o horario de titorías no centro, se se detectara algún problema que poida dificultar o acceso do alumnado as titorías ou incumprimento deste regulamento que faga que o horario non resulte axeitado, a Dirección da Escola porase en contacto co/coa profesor/a e, unha vez alcanzado un acordo entre as dúas partes, fixarase o horario.

#### *ARTIGO 6. Cambios nos horarios de titorías*

1. Unha vez comezado o curso, cando un profesor ou profesora precise dun cambio permanente de titorías, deberá solicitalo á Dirección por escrito a través do correspondente formulario que estará dispoñible na web da Escola. Esta solicitude, unha vez aceptada, dará lugar á correspondente modificación na web e no cartel da porta do despacho.
2. Cando un profesor ou profesora precise dun cambio puntual de titorías, deberá notificalo aos seus alumnos, sempre que sexa posible, con antelación suficiente, mediante o envío dun correo electrónico. Tamén deberá deixar unha nota na porta do despacho. Na mensaxe e na nota deberase indicar a qué día e hora se cambia a titoría.

#### *ARTIGO 7. Cumprimento das titorías e reclamacións*

1. Se despois de que un alumno espere 15 minutos durante o horario oficial de titorías dun/dunha profesor/a, este non se presentara, o/a estudante poderá presentar unha reclamación utilizando un impreso dispoñible na Conserxería e na web da Escola.
2. A Dirección da Escola, ao recibir a reclamación, porase en contacto co profesor ou profesora para que aclare se estaba ou non nas titorías, e os motivos que xustificaron a súa ausencia, de se-lo caso.
3. Se a ausencia non tivera motivo xustificado, o/a profesor/a deberá indicar á Dirección da Escola qué día e hora se recuperará a devandita titoría.
4. Se un/unha profesor/a, sen causa xustificada, non asiste durante un curso a tres titorías, a Dirección da Escola o comunicará ao Departamento do profesor, á Vicerreitoría de Profesorado e á Secretaría Xeral da Universidade, por se estas ausencias deran lugar a algún tipo de sanción disciplinaria.

DILIXENCIA para facer constar que o presente "Regulamento de Titorías da ESEI" foi aprobado pola Xunta de Centro Extraordinaria da Escola Superior de Enxeñaría Informática na data de 17 de decembro de 2013 e publicado oficialmente na páxina web e no taboleiro de anuncios da Escola o día 18 de decembro de 2013.

O SECRETARIO



*Arturo J. Méndez*

Arturo José Méndez Penín